3.- En todo caso, unha vez iniciado o expediente, a Administración municipal poderá comprobar a realidade dos datos achegados polo interesado así como calquera outros que haxan de servir de base para o cálculo dos dereitos correspondentes e, á vista dos resultados de tal comprobación, practicará a liquidación oportuna.

4. A práctica da devandita liquidación o é sen prexuízo da potestade administrativa para a inspección dos datos declarados ou da actividade desenvolvida realmente polo suxeito pasivo e para a aplicación de sancións se houbese lugar.

5. Todas as liquidacións que se practiquen como consecuencia do regulado nos apartados anteriores serán notificadas aos obrigados ao pagamento, para o seu ingreso nas arcas municipais a través de entidade colaboradora correspondente, utilizando os medios de pagamento e os prazos que sinala a Lei Xeral Tributaria e normas ditadas no seu desenvolvemento.

**Artigo 11º.- Infraccións e sancións.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que por estas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na normativa regulamentaria ditada en desenvolvemento desta última.

**Disposición final I**

A entrada en vigor da presente ordenanza derroga a Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por licenzas urbanística publicada o día 02.02.2008 (BOP nº. 27) e vixente ata dito momento.

**Disposición final II**

A presente modificación da Ordenanza Fiscal entrará en vigor e será de aplicación a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

## 4. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VISITAS AO MUSEO DAS MINAS DE SAN FINX

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, xa ditaminada pola Comisión Informativa:

---

*Asunto: Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.*
*Expediente: 2023/G015/000002*

**PROPOSTA AO PLENO CORPORATIVO**

**"**O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

*Antecedentes Administrativos:*

1) Borrador do texto da futura ordenanza reguladora do Prezo Público, incorporado ao expediente administrativo o día 02/05/2023.

2) Providencia da Alcaldía, do 03/05/2023 incoando o expediente administrativo.

3) Informe da Administrativa de Cultura, do 03/05/2023, relativo aos datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico.

4) Informe do Departamento de Urbanismo, do 04/05/2023, relativo a datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico.

5) Informe Técnico-Económico relativo ao estudo de custos do prezo público, do 04/05/2023, no que se conclúe que o prezo público proposto non da cobertura ao custo do servizo, polo que deben xustificarse as razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que aconsellen fixar un prezo público que non cubra o custo estimado do servizo.

6) Informe da Técnica de Cultura, do 04/05/2023, xustificativo das razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que aconsellan fixar un prezo público que non dea cobertura ao custo estimado do servizo.

7) Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, 86/2023 do 04/05/2023.

*Fundamentación Xurídica:*

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar unha Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx.

2. O órgano competente para a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3. Non é preciso seguir a tramitación prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, para garantir a participación da cidadanía na elaboración das normas e regulamentos; segundo a recente sentenza do Tribunal Supremo, do 31/01/2023 na que indica que o artigo 133 non sería aplicable porque as ordenanzas fiscais xa teñen unha regulación propia, constituíndo lexislación especial.

4. O procedemento para aprobar o prezo público é máis sinxelo que o preciso para unha taxa, pero nada impide aplicar o procedemento regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a imposición do "*prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx*" e a ordenanza reguladora da mesma, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

**Segundo:** Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

**Terceiro:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Cuarto:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do prezo público e da ordenanza reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia".

## PROXECTO DE ORDENANZA:

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VISITAS AO MUSEO DAS MINAS DE SAN FINX DO CONCELLO DE LOUSAME**

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx, que se rexerá pola presente ordenanza.

### ARTIGO 2. CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará pola prestación dos diferentes servizos de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.

### ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento do prezo público as persoas que soliciten a prestación dalgún dos servizos de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame. Tamén aquelas persoas que os utilicen sen obter a preceptiva autorización. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.



### ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO

Serán suxeitos pasivos das taxas que se regulan nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles a dirección de obra ou/e os servizos de coordinación e saúde (e con independencia de que o servizo se preste de xeito directo ou indirecto)

### ARTIGO 5. CONTÍA

5.1.–O importe do prezo público determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas:

| Tarifa | Tipoloxía de entrada | Tarifa |
|---|---|---|
| 1 | Xeral (de 6 até 64 anos, ambos inclusive) | 2,00 € |
| 2 | Reducida:<br>• Persoas empadroadas en Lousame.<br>• Persoas integrantes dun grupo escolar (de 6 a 64 anos de idade, ambos inclusive) | 1,00 € |
| 3 | Tarifa Cero:<br>• Menores, de 0 a 5 anos.<br>• Maiores de 65 anos. | 0,00 € |

5.2.- Para poder aplicar a tarifa 2 (Entrada reducida) e tarifa 3 (Tarifa Cero) é preciso amosar o DNI/NIF, onde conste o domicilio e idade de cada persoa.

### ARTIGO 6. OBRIGA DE PAGAMENTO E COBRO

6.1.- A obriga de pagamento nacerá no momento no que se solicite a visita/entrada ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6.2.- O pagamento realizarase previamente ou no momento da visita ao Museo, e acreditarase mediante o boleto ou ticket, que será expedido ao realizarse o pago.

**ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa,
Mª Teresa Villaverde Pais

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**



*Asunto: Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.*
*Expediente: 2023/G015/000002*

**“**O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

*Antecedentes Administrativos:*

1) Borrador do texto da futura ordenanza reguladora do Prezo Público, incorporado ao expediente administrativo o día 02/05/2023.

2) Providencia da Alcaldía, do 03/05/2023 incoando o expediente administrativo.

3) Informe da Administrativa de Cultura, do 03/05/2023, relativo aos datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico.

4) Informe do Departamento de Urbanismo, do 04/05/2023, relativo a datos necesarios para elaborar o informe técnico-económico.

5) Informe Técnico-Económico relativo ao estudo de custos do prezo público, do 04/05/2023, no que se conclúe que o prezo público proposto non da cobertura ao custo do servizo, polo que deben xustificarse as razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que aconsellen fixar un prezo público que non cubra o custo estimado do servizo.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6) Informe da Técnica de Cultura, do 04/05/2023, xustificativo das razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que aconsellan fixar un prezo público que non dea cobertura ao custo estimado do servizo.

7) Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, 86/2023 do 04/05/2023.

*Fundamentación Xurídica:*

1. O Concello de Lousame ten interese público en aprobar unha Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx.

2. O órgano competente para a adopción deste acordo é o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 47 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3. Non é preciso seguir a tramitación prevista no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, para garantir a participación da cidadanía na elaboración das normas e regulamentos; segundo a recente sentenza do Tribunal Supremo, do 31/01/2023 na que indica que o artigo 133 non sería aplicable porque as ordenanzas fiscais xa teñen unha regulación propia, constituíndo lexislación especial.

4. O procedemento para aprobar o prezo público é máis sinxelo que o preciso para unha taxa, pero nada impide aplicar o procedemento regulado no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA**:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a imposición do "*prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx*" e a ordenanza reguladora da mesma, nos termos que figuran no expediente e coa redacción recollida no anexo a este acordo.

**Segundo:** Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

**Terceiro:** No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

**Cuarto:** Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do prezo público e da ordenanza reguladora terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia".

## PROXECTO DE ORDENANZA:

## ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VISITAS AO MUSEO DAS MINAS DE SAN FINX DO CONCELLO DE LOUSAME

### ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL

Ao abeiro das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de visitas ao Museo das Minas de San Finx, que se rexerá pola presente ordenanza.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**ARTIGO 2. CONCEPTO**

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará pola prestación dos diferentes servizos de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.

**ARTIGO 3. OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

Están obrigados ao pagamento do prezo público as persoas que soliciten a prestación dalgún dos servizos de visitas ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame. Tamén aquelas persoas que os utilicen sen obter a preceptiva autorización. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

**ARTIGO 4. SUXEITO PASIVO**

Serán suxeitos pasivos das taxas que se regulan nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria, que resulten adxudicatarias das obras ou afectadas pola actividade administrativa que constitúe o obxecto desta taxa, cando sexan legalmente esixibles a dirección de obra ou/e os servizos de coordinación e saúde (e con independencia de que o servizo se preste de xeito directo ou indirecto)

**ARTIGO 5. CONTÍA**



5.1.–O importe do prezo público determinarase mediante a aplicación das seguintes tarifas:

| Tarifa | Tipoloxía de entrada | Tarifa |
|---|---|---|
| 1 | Xeral (de 6 até 64 anos, ambos inclusive) | 2,00 € |
| 2 | Reducida:<br>• Persoas empadroadas en Lousame.<br>• Persoas integrantes dun grupo escolar (de 6 a 64 anos de idade, ambos inclusive) | 1,00 € |
| 3 | Tarifa Cero:<br>• Menores, de 0 a 5 anos.<br>• Maiores de 65 anos. | 0,00 € |

5.2.- Para poder aplicar a tarifa 2 (Entrada reducida) e tarifa 3 (Tarifa Cero) é preciso amosar o DNI/NIF, onde conste o domicilio e idade de cada persoa.

**ARTIGO 6. OBRIGA DE PAGAMENTO E COBRO**

6.1.- A obriga de pagamento nacerá no momento no que se solicite a visita/entrada ao Museo das Minas de San Finx do Concello de Lousame.

6.2.- O pagamento realizarase previamente ou no momento da visita ao Museo, e acreditarase mediante o boleto ou ticket, que será expedido ao realizarse o pago.

**ARTIGO 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

Aplicarase o réxime de infraccións e sancións reguladas na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.

## 5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO REC 8/2023

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, xa ditaminada pola Comisión Informativa:

---

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

*Antecedentes Administrativos*:

**Primeiro**: Vistos os xustificantes de gasto que se relacionan de seguido:

| **REC8/2023: Facturas chegadas en 2023 de servicios prestados en anos anteriores, financiadas con cargo a orzamento corrente do 2023** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Entrada | Fecha | Nº Docu. | Fecha Dto. | Importe Total | Nombre | Texto Explicativo | Prog | Econ |
| F/2023/735 | 08-3-23 | Emit-58 | 30.11.22 | 66,34 | RECAMBIOS DAKAR NOIA, SL | SUMINISTRO REPOSTOS MAQUINARIA E UTILLAXE OBRAS MUN. | 150 | 22111 |

**Segundo**: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 100/2023 de 08/05/2023.

**Terceiro:** Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

**Cuarto:** Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

*Fundamentación Xurídica*:

**Primeira**: Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril establece que nos casos nos que se produza omisión da fiscalización previa, a competencia para decidir si se continúa o procedemento, corresponde ao Presidente da Entidade; manifestando a súa conformidade coa continuación do procedemento na Memoria Xustificativa incorporada ao expediente administrativo.

**Segunda**: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender aos gastos incorridos para evitar o prexuízo do provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

**Terceira**: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.

**Segundo:** Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.



Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos"

---

A Alcaldía pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte ACORDO:**

"O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do seguinte acordo, en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, e do previsto nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023, adopta o seguinte acordo baseado nos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos.

*Antecedentes Administrativos:*

**Primeiro**: Vistos os xustificantes de gasto que se relacionan de seguido:

| **REC8/2023: Facturas chegadas en 2023 de servicios prestados en anos anteriores, financiadas con cargo a orzamento corrente do 2023** | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Nº de Entrada | Fecha | Nº Docu. | Fecha Dto. | Importe Total | Nombre | Texto Explicativo | Prog | Econ |
| F/2023/735 | 08-3-23 | Emit-58 | 30.11.22 | 66,34 | RECAMBIOS DAKAR NOIA, SL | SUMINISTRO REPOSTOS MAQUINARIA E UTILLAXE OBRAS MUN. | 150 | 22111 |



**Segundo**: Visto o informe da Secretaría-Intervención núm. 100/2023 de 08/05/2023.

**Terceiro:** Vista a Memoria xustificativa da Alcaldía dos anteriores gastos realizados, incorporada ao expediente administrativo.

**Cuarto:** Existindo a necesidade de proceder á aprobación dos anteriores documentos xustificativos de gasto.

*Fundamentación Xurídica:*

**Primeira**: Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017 de 28 de abril establece que nos casos nos que se produza omisión da fiscalización previa, a competencia para decidir si se continúa o procedemento, corresponde ao Presidente da Entidade; manifestando a súa conformidade coa continuación do procedemento na Memoria Xustificativa incorporada ao expediente administrativo.

**Segunda**: Tendo en conta as circunstancias relativas a estes gastos e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender aos gastos incorridos para evitar o prexuízo do provedores arriba relacionados e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración; considerando ademais que a imputación dos gastos ao exercicio corrente, á vista do estado de execución orzamentaria, non causará prexuízo á atención do resto das necesidades do exercicio.

**Terceira**: Constando a efectiva realización dos traballos e considerando que os servizos e subministros son conformes en cantidade, prezo de mercado e calidade, segundo se acredita no expediente administrativo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Á vista do anterior, o Pleno Corporativo, na aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar, dispor e recoñecer as obrigas, por recoñecemento extraxudicial de créditos, dos documentos xustificativos de gasto antes indicados.

**Segundo:** Ordear o pago dos xustificantes de gasto relacionados, segundo as disposicións da Tesourería.

**Terceiro:** Dar conta do presente acordo á Intervención, Tesourería e Departamento contable para a súa tramitación e efectos oportunos”

## 6. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DA 147/2023 Á 233/2023

A Alcaldía da conta das Resolucións da Alcaldía, da núm. 147/2023 á 233/2023, que foron remitidas aos voceiros dos GPM xunto coa convocatoria.

A Corporación dáse por enterada.

## 7. DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN NÚM. 3 DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.



A Alcaldía-Presidencia da conta da 3ª modificación do Plan Estratéxico de Subvencións, que tivo lugar mediante a Resolución da Alcaldía núm. 235 do 05.05.2023, que é a que de seguido se indica:

***RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-***

***Asunto:*** *PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE LOUSAME 2021 - 2023. Modificación 3 do PES: Clube BTT O Treito*

***Expediente:*** *2023/G003/000274*

Mª Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, órgano competente para a adopción deste acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes

*Antecedentes Administrativos:*

- Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2021-2023, aprobado no Pleno Corporativo do día 28.05.2021 e publicado no BOP núm. 104 do 04.06.2021
- Modificación núm. 1 do Plan Estratéxico de Subvencións, aprobado por Resolución de Alcaldía 599 do 20.10.2021. Publicouse no BOP núm. 204 do 26.10.2022 e deuse conta ao Pleno Corporativo o día 26.11.2021.
- Modificación núm. 2 do Plan Estratéxico de Subvencións, aprobado por Resolución de Alcaldía 345 do 16.06.2022. Publicouse no BOP núm. 116 do 20.06.2022 e deuse conta ao Pleno Corporativo o día 29.07.2022.

*Fundamentación Xurídica:*

**Primeiro:** O artigo 8.1 da lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aras a mellorar a eficacia do outorgamento de subvencións, establece a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, que estableza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden obter, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxectivo de axeitar as necesidades públicas a cubrir a través do outorgamento das subvencións, coas previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

**Segundo:** En base a isto, o Pleno Corporativo, na sesión Plenaria Ordinaria do día 28.05.2021, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Lousame para o período 2021-2023. O Plan Estratéxico de Subvencións foi publicado no BOP núm. 104 do 04.06.2021.

**Terceiro:** Nas Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2023 figura a dotación orzamentaria para a concesión dunha subvención nominativa ao Clube BTT O Treito por importe de 1.000 €. Sen embargo, a dita subvención nominativa figura no Plan Estratéxico de Subvencións, cun importe de 800,00 €.

**Cuarto:** O artigo 6 do PES sinala que: *"As modificacións puntuais que sexa preciso acometer nos seus tres anos de vixencia, serán competencia da Alcaldía; que deberá dar conta ao Pleno Corporativo".*

En base aos antecedentes e fundamentos expostos, esta Alcaldía

**RESOLVE:**

Primeiro: Aprobar a modificación núm. 3 do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) do Concello de Lousame, para o período 2021-2023; consistente en incrementar a subvención nominativa contemplada para o Clube BTT O Treito, na Liña Estratéxica de Subvencións núm. 2, que quedará redactada do seguinte xeito:

**LIÑA ESTRATÉXICA 2.- ÁREA DE DEPORTES.**

| | |
|---|---|
| *Obxectivos estratéxicos* | Apoiar, difundir e promocionar o deporte, adestramento e sacrificio; así como as prácticas saudables entre a poboación, especialmente entre a xuventude. |
| *Obxectivos específicos* | 1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional<br>2.- Fomentar o deporte<br>3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos |
| *Liñas de Subvención* | LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame<br>LS 2.2 Subvencións dirixidas a entidades deportivas alleas ao Concello de Lousame |



**LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Lousame:**

| | |
|---|---|
| *Área* | Deportes |
| *Sectores aos que se dirixen as axudas* | Entidades deportivas do Concello de Lousame sen ánimo de lucro |
| *Obxectivos* | 1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional<br>2.- Fomentar o deporte<br>3.- Promocionar a representación deportiva de Lousame nos eventos deportivos |
| *Efectos que se pretenden conseguir* | Práctica do deporte |
| *Prazo necesario para a súa concesión* | Indeterminado |
| *Custos previsibles e financiamento* | Orzamento 2021: Aplicación 341.48000:<br>– Nominativa: AD Cruído: 1.500,00 €<br>– Nominativa: Lesende CF: 1.500,00 €<br>– Nominativa: Asociación Deportiva Taekwondo Lousame: 1.000,00 €<br>– **Nominativa: Clube BTT O Treito: 1000,00 €**<br>– En concorrencia: Outras Asociacións Deportivas Municipais: 1.000,00 € |
| *Plan de Acción* | Réxime de subvencións nominativas.<br>Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente (Alcaldía) será elaborado un Convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederase ao abono na forma fixada no convenio. Unha vez executado o programa, xustificarase a subvención na forma prevista.<br><br>Réxime de concorrencia:<br>Aprobación das bases da convocatoria polo órgano competente e posterior convocatoria. Presentadas as solicitudes, serán resoltas polo órgano competente, segundo os criterios fixados nas Bases. Unha vez executado o programa, xustificarase a subvención na forma prevista. |
| *Seguimento e avaliación* | – Número de entidades beneficiadas<br>– Número de deportistas que aglutina cada entidade beneficiaria<br>– Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria<br>– Número de deportes promocionados |

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

| | |
|---|---|
| | – Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais<br>– % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior.<br>– Premios acadados polos beneficiarios |
| *Resultados da avaliación* | No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno Corporativo. |

Segundo: Proceder á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica, para xeral coñecemento.

Terceiro: Dar conta ao Pleno Corporativo, na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais; do que eu, Paula Ares Otero, como secretaria e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

A Corporación dáse por enterada.

## 8. DACIÓN DE CONTA DO PMP RELATIVO AO 1T 2023.

A Alcaldía da conta do período medio de pagamento relativo ao 1T 2023 que quedou cifrado en 45,19 días

A Corporación dáse por enterada.



## 9. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO ARTIGO 218 DO TRLRFL.

A Alcaldía da conta do informe da intervención emitido ao abeiro do artigo 218 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que foi remitido xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada

## 10. DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES RESUMO DE CONTROL INTERNO.

A Alcaldía da conta dos informes da intervención relativos ao control interno exercido no exercicio 2022, que foron remitidos xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada

## 11. INCLUSIÓN, SE PROCEDE, DE MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.

A Alcaldía explica que quere incluír na sesión un asunto por razón de urxencia: aprobación inicial do proxecto técnico para a construción da EDAR de Lousame. O motivo da urxencia e dar comezo canto antes do período de información pública do proxecto técnico e dos terreos que van ser obxecto de expropiación. Xa que de non facelo agora, habería que aprazar todo o expediente até o mes de xullo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 14/05/2023 14:03:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 14/05/2023 17:02:00)
Versión imprimible
CVD: ljcEMNByKcs+LWqlfKnV
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía somete a votación, a consideración da urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día do Pleno.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta adopta o seguinte ACORDO: aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión na orde do día.**

## 11.1) APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO TÉCNICO CONSTRUTIVO DA REDE DE SANEAMENTO E EDAR DE LOUSAME

A Alcaldía da conta da proposta de acordo que se somete a aprobación do Pleno Corporativo:

---

***Asunto:*** *Actuacións necesarias para executar o proxecto técnico denominado: "CONSTRUCIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS PARA OS LUGARES DE DEVESA, A SILVA, BERRIMES, QUINTÁNS E COSTA. LOUSAME (A CORUÑA)" OH.315.1255". Aprobación do proxecto técnico construtivo. Declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, para proceder á súa posterior expropiación.*
***Expediente:*** *2023/X998/000047*

**PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO CORPORATIVO**

<<O Pleno Corporativo, á vista dos antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos que se deseguido se relacionan, como órgano competente adopta o seguinte acordo:

*Antecedentes Administrativos*:

**Primeiro:** O Concello de Lousame está interesado na execución do proxecto técnico de obras denominado *"CONSTRUCIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS PARA OS LUGARES DE DEVESA, A SILVA, BERRIMES, QUINTÁNS E COSTA. LOUSAME (A CORUÑA).OH.315.1255***"**, cun orzamento de execución por contrata de 951.992,23 €¸ cuxo financiamento parcial está solicitado ao organismo Augas de Galicia, pendente da aprobación e sinatura do correspondente convenio de colaboración.

**Segundo:** A execución deste investimento abrangue tres anualidades, tal e como a continuación se indica:

| Ano | Execución anual estimada | Augas de Galicia/€ | Concello/€ | Crédito orzamentario/€ |
|---|---|---|---|---|
| 2023 | 45.055,18 € | 45.055,18 € | 0,00 € | 0,00 € |
| 2024 | 871.200,28 € | 765.938,10 € | 105.262,18 € | 105.262,18 € |
| 2025 | 192.685,36 € | 76.159,38 € | 116.525,98 € | 116.525,98 € |
| TOTAIS | 1.108.940,82 € | 887.152,66 € | 221.788,16 € | 221.788,16 € |

**Terceiro:** Segundo o texto do convenio de colaboración remitido polo organismo Augas de Galicia (pendente de aprobación polo Consello de Goberno da Xunta e da súa posterior sinatura) a execución das obras será por conta do ente autonómico, pero o Concello de Lousame asume as seguintes obrigas:

